



O R.C. DEPORTIVO OFERTA TRES CURSOS DE TÉCNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL

O Real Club Deportivo de La Coruña, como Centro de Formación autorizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Orden 20 de Xulio de 2.005 (DOG 2/08/2.005), convoca os cursos de:

- 1.- TÉCNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL, NIVEL 1**
- 2.- TÉCNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL, NIVEL 2**
- 3.- TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN FÚTBOL**

I. VALIDEZ ACADÉMICA E PROFESIONAL DOS TÍTULOS:

Estas ensinanzas terán a consideración de Ensinanzas de Réxime Especial, con validez académica e profesional en todo o territorio nacional.

Os títulos serán equivalentes, a tódolos efectos, ós correspondentes de grao medio e grao superior da Formación Profesional.

II. REQUISITOS PARA O ACCESO

Para acceder a estes cursos son precisos estos requisitos:

1.- Técnico Deportivo en Fútbol, nivel 1

- a) Título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente a efectos académicos.
- b) Superar unhas probas físicas e técnicas de acceso de carácter específico (D.O.G. 26/09/2003. Decreto 353/2003).


Exercicios das probas físicas:

- Exercicio número 1: avaliación da velocidade de translación. Percorrer unha distancia de 50 m en terreo chan, de firme regular e de trazado recto, no menor tempo posible.
- Exercicio número 2: avaliación da resistencia orgánica. Percorrer unha distancia de 2.000 m en terreo liso e plano no menor tempo posible.
- Exercicio número 3: avaliación da potencia dos primeiros músculos extensores das extremidades inferiores. Salto vertical.
- Exercicio número 4: flexibilidade global do tronco e das extremidades inferiores. Descalzo e cos pés situados sobre un flexómetro, flexiona-lo corpo cara a adiante, sen impulso, e leva-los brazos simultaneamente tan atrás como sexa posible, pasando por entre as pernas.
- Exercicio número 5: avaliación da potencia muscular e das condicións de aplicación nas pancas óseas. Lanzamento dun balón cara a adiante. O peso do balón medicinal será de 5 kg para os homes e de 3 kg para as mulleres.
- Avaliación dos exercicios: considéranse superados os exercicios cando o aspirante demostre:
 - No exercicio 1: un tempo inferior ós 8 segundos en homes e 8,5 segundos en mulleres.
 - No exercicio 2: un tempo inferior a 10 minutos nos homes e a 12 minutos en mulleres.
 - No exercicio 3: saltar polo menos 45 cm. os homes e 35 cm. as mulleres.
 - No exercicio 4: unha flexión de polo menos 30 cm. os homes e 35 cm. as mulleres.
 - No exercicio 5: lanzamento de balón a unha distancia superior a 6 m.



- **Segunda parte:** o obxectivo é avalia-lo nivel de execución as habilidades fundamentais da especialidade de fútbol.

- Exercicios: o aspirante terá que completar un circuíto técnico que se desenvolverá nun campo de fútbol de medidas regulamentarias, utilizando balóns regulamentarios da especialidade e que incluirá, seguindo a mesma orde, os exercicios que se indican neste punto e que se efectuarán ou iniciarán, segundo o caso, no lugar que se especifica no gráfico (1):



- Un pase longo (a).
 - Conducción do balón co pé, en carreira en liña recta (b).
 - Conducción do balón co pé, en carreira en zigzag salvando 4 obstáculos separados dous metros un do outro (c).
 - Efectuar tiro á porta desde fóra da área (d).
 - Recolle-lo balón do fondo da portería e realizar unha conducción elevada do balón (habilidades dinámica) ata o vértice da área (e).
 - Realizar un tiro de precisión a unha portería pequena (2×1 m) situada sobre a liña de banda (f).
 - Efectua-lo control do balón que pasa un compaño, para realizar unha parede (1-2) seguida dunha conducción do balón co pé, con cambio de dirección (g).
 - Impulsa-lo balón para pasalo por debaixo dun valo de 50 cm. de altura e saltar sobre el. De seguido, sen deterse, impulsar co pé o balón para pasalo por riba doutro valo de 50 cm. de altura distanciado cinco metros do anterior, e pasar por debaixo del (h).
 - Tres lanzamentos á porta desde fóra da área (i).
- Os inscritos que o desexen porán dispor de parte da instalación, do "Mundo del Fútbol", para facer as probas, de xeito supervisado por un profesor do centro, e caso de precisalo proporánse lle unha serie de exercicios para acadar o nivel en forma óptima o día das probas reais. As previas



serían os días 25 de Agosto e 1, 8, 15 e 22 de setembro as 10 da mañá previa solicitude.

▪ Avaliación.

- Cada avaliador valorará o conxunto dos exercicios dun a dez puntos.
- A avaliación final desta segunda parte da proba de acceso ás ensinanzas de técnico deportivo en fútbol obterase ó media-las valoracións achegadas polos avaliadores, e considerarase superada cando a media obtida sexa igual ou superior a cinco puntos e o tempo empregado non sexa superior a tres minutos.
- Aplicación e inspección das probas de acceso.**
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará a aplicación e a inspección da proba de acceso de carácter específico e as probas de acceso adaptadas.

2.-Técnico Deportivo en Fútbol, nivel 2

- a)** Título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente a efectos académicos.
- b)** Ter superado o Nivel 1.
- c)** Igualmente poderán acceder a este nivel, aqueles que estean en posesión do Título de Instrutor Xuvenil de Fútbol expedido na temporda 1999-2000 ou anteriores, debidamente validado.

3.- Técnico Deportivo Superior en Fútbol

- a)** Título de Bacharelato ou equivalente a efectos académicos.
- b)** Título de Técnico Deportivo en Fútbol.
- c)** Acreditar, mediante certificado expedido pola Real Federación Española de Fútbol ou a Autonómica que corresponda, a experiencia esixida como adestrador titular: Despois de ter obtido o título de Técnico Deportivo de fútbol como adestrador titular de equipos que participen polo menos nunha temporda en: Terceira División, Categoría Rexional Preferente, Categoría Rexional Ordinaria, Liga Nacional Xuvenil ou en competicións das categorías Xuvenil, Cadete, Infantil, Alevín ou Benxamín. Unha temporda considérase completa cando se acredeite o cumprimento das funcións, de forma ininterrompida, durante un período mínimo de 6 meses ou, no seu caso, 183 días.
- d)** Igualmente poderán acceder a este nivel aqueles que estean en posesión do Título de Adestrador Rexional de Fútbol expedido na temporda 1999/2000 ou anteriores. A homologación do grao medio deberá sempre solicitala ó Consejo Superior de Deportes. Mentres non se apore o referido documento poderán facer matrícula condicionada. Caso de non recibir a homologación perderanse tódolos dereitos.

III. ACCESO SEN O TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OU DE BACHARELATO

Será posible acceder as ensinanzas sen cumplir os requisitos de titulación de Graduado en Educación Secundaria ou de Bacharelato, sempre que o aspirante reúna as condiciones de idade e supere unha proba de madurez.

- a)** Para o acceso ao grao medio, ter cumplidos os dezasete anos e superar unha proba de madurez, que lle permita cursar con aproveitamento ditas ensinanzas.



- b) Para o acceso ao grao superior, ter cumplidos dezaoito años de idade e superar unha proba de madurez.
- c) A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, regulará as mencionadas probas de madurez.

IV. ACCESO A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL:

Estarán exentos dos requisitos deportivos os deportistas de alto nivel que cumpran os requisitos de carácter xeneral para o acceso a estas ensinanzas. Deberá presentar Certificación de Méritos Deportivos emitido polo Organismo competente.

V. ACCESO ADAPTADO A PERSOAS QUE ACREDITEN DISCAPACIDADES:

- a) As solicitudes deberanse acompañar do correspondente certificado de minusvalidez expedido polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (INSERSO) ou o Órgano competente das comunidades Autónomas.
- b) A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá un tribunal que avaliará o grao de discapacidade e as limitacións que leva implícitas para cursar con aproveitamento as ensinanzas e, de ser o caso, adaptará os requisitos e as probas de acceso de carácter específico e de madurez que deban superar as persoas aspirantes.

VI. ACCESO A OUTROS ESTUDOS:

- a) O Título de Técnico Deportivo en Fútbol - Nivel 2, permite o acceso directo a tódalas especialidades do Bacharelato.
- b) O Título de Técnico Deportivo Superior en Fútbol, permitirá o acceso directo os Estudios Universitarios de:
 - Mestre (tódalas especialidades).
 - Diplomado en Educación Social.
 - Diplomado en Fisioterapia.
 - Diplomado en Terapia Ocupacional.
 - Diplomado en Traballo Social.
 - Diplomado en Enfermería.
 - Diplomado en Empresas e Actividades Turísticas.
 - Diplomado en Turismo.
 - Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

VII. NÚMERO DE ALUMNOS POR CURSO:

Por indubidables razóns de orden pedagóxico, para que o curso se celebre en calquera dos niveis programados deberán estar matriculados un mínimo de 15 alumnos, non permitíndose nunca máis de 35 alumnos por grupo.

VIII. COTAS DO CURSO:

Inclúe o carné de socio anual do Real Club Deportivo para tódolos encontros de competición oficial e amigable, a nivel español e internacional sen excepcións, ao obxecto de participar nas clases prácticas, charlas ou coloquios post-partidos cando proceda a xuízo do profesorado da Escola.



A. TÉCNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL NIVEL 1

O custo deste curso é o seguinte: 9 cotas de 149 Euros cada unha, dende o mes de Outubro de 2008 a Xuño de 2009. Ambos inclusive.

Horario: Luns de 19:00 a 23:00. Sábados de 09:00 a 14:00.

B. TÉCNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL NIVEL 2

O custo deste curso é o seguinte: 9 cotas de 170 Euros cada unha, dende o mes de Outubro de 2008 a Xuño de 2009. Ambos inclusive.

Horario: Luns de 19:00 a 23:00. Sábados de 09:00 a 14:00.

C. TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN FÚTBOL.

O custo deste curso é o seguinte: 9 cotas de 271 Euros cada unha, dende o mes de Outubro de 2008 a Xuño de 2009. Ambos inclusive.

Horario: Luns de 19:00 a 23:00. Sábados de 09:00 a 14:00.

IX. COTAS DE INSCRICIÓN E DIVERSOS GASTOS.

- a) Os alumnos abonarán en cada curso a cantidad de 150 Euros en concepto de cota de inscripción e gastos diversos, por cada ano escolar que permanezan no Centro, que se abonarán no momento da solicitude de admisión no curso 2008-2009 e no mes de Agosto os cursos posteriores.
En caso de baixa ou non incorporación ó Centro, ó inicio do curso ou no transcurso do ano escolar, perderá a citada cantidad sexa a causa que fose. Non caben excepcións.
O pago das cotas fixadas terá que efectuarse mensualmente, e sempre por anticipado, o primeiro día de cada mes.
- b) Si por calquera causa desexan cambiar algún concepto da facturación, deberán comunicalo á Administración do Centro, antes do día 20 de cada mes anterior no que queirán realizar a mencionada modificación.
- c) A facturación do seguro de accidentes dos alumnos terá lugar no mes de Decembro de 2008.
- d) A tódolos alumnos pasaráselles un cargo no mes de Febreiro de 2009 en concepto de gastos administrativos.
- e) A ausencia, pola causa que sexa, ou a enfermidade, non eximen ó alumno da obriga de abonar completas as mensualidades. O alumno que non cumpra os compromisos económicos, salvo casos excepcionais postos en coñecemento da Dirección, e aceptados por esta, causará baixa de forma inmediata.

X. DOCUMENTACIÓN:

Os alumnos entregarán, xunto á solicitude de inscrición, a seguinte documentación:

- Catro fotografías tamaño carné.
- Fotocopia do DNI, por ámbalas dúas caras, compulsada.
- Xustificantes académicos e deportivos acreditativos, que correspondan, debidamente compulsados caso de non ser os orixinais.
- Certificado médico onde se faga constar a aptitude para o desenrollo da actividade.



R.C. Deportivo
de La Coruña S.A.D.

Plaza de Pontevedra 19, 1º. 15003 A Coruña Teléf: 981 259 500 Fax: 981 265 919 www.canaldeportivo.com

XI. INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:

Real Club Deportivo de La Coruña.
Plaza de Pontevedra, número 19- 1º
C.P. 15003 A Coruña
Tfno. 981259500
Fax. 981265919
Horario oficina de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas.

Ciudad Deportiva "El Mundo del Fútbol"
Agra de Marcés, s/n
C.P. 15.318 San Tirso de Mabegondo (A Coruña)
Telef: 981647941
Fax: 981669187
Horario oficina de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas.

PERÍODO DE INSCRICIÓN:

O período de inscrición comezará o día 1 de Xullo de 2008 rematando o día 8 de setembro de 2008 e serán atendidas por rigoroso orden de entrada.

PROBAS ESPECIFICAS:

Por Resolución do 26 de maio de 2008, DOGA de 6 de xuño de 2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, as probas terán lugar no I.E.S. Cruceiro Baleares, en O Burgo (Antiga Universidade Laboral) o día **24 de Setembro das 09:00 as 15:00 horas**. Para presentarse deberá levarse o DNI.

PROBAS DE MADUREZ:

Por Resolución do 26 de maio de 2008, DOGA de 6 de xuño de 2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, as probas terán lugar no instituto IES As Fontiñas de Santiago de Compostela o día **17 de setembro das 09:00 as 13:30 horas**. Para presentarse deberá levarse o DNI.



R.C. Deportivo
de La Coruña S.A.D.

Plaza de Pontevedra 19, 1º. 15003 A Coruña Teléf: 981 259 500 Fax: 981 265 919 www.canaldeportivo.com

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN CURSO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL

NIVEL 1

NIVEL 2

Apellido 1	Apellido 2	Nome	
Data Nacemento	Lugar	Provincia	DNI
Enderezo			
Localidade		Provincia	CP
Teléfono 1	Teléfono 2	Telefax	
Correo-E			

Solicito a miña inscrición para efectuar as Probas de Acceso conducentes a conseguir unha praza que permita matricularme no Curso de Técnico Deportivo en Fútbol.

Quedo notificado das Bases do referido Curso, así como do réxime xurídico que se aplica, aceptando na súa totalidade as condicións mediante a presente inscrición.

R.C.D. da Coruña
Data e selo rexistro

Conforme
O solicitante

Asinado: _____

Posúe o Título de Graduado na Educación Secundaria LOGSE

si non

Equivalente Académico (Especificar) _____

Enviar toda a documentación a:

El Mundo del Fútbol.
Agra de Marcés, San Tirso de Mabegondo
15318 Abegondo (A Coruña)

R.C. Deportivo de La Coruña
Plaza de Pontevedra 19 1º
15003 (A Coruña)

Ver e cumplimentar ó dorso.



R.C. Deportivo
de La Coruña S.A.D.

Plaza de Pontevedra 19, 1º. 15003 A Coruña Teléf: 981 259 500 Fax: 981 265 919 www.canaldeportivo.com

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN CURSO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL NIVEL 1 NIVEL 2

Adxunto á presente solicitude os seguintes documentos:

- Fotocopia **compulsada** do Título de Graduado en Educación Secundaria L.O.G.S.E. e/ou certificado de equivalencia a efectos académicos.
- Certificado médico en impreso oficial do Colexio Oficial de Médicos.
- Fotocopia do D.N.I. **compulsada**.
- Catro fotografías Tamaño Carné.
- Resgado de ingreso de taxas (150,-- €). Mediante ingreso na conta:
2100 1453 21 0200060405 de LA CAIXA, C/Cantón Pequeño 29-31. A Coruña.

SOLICITUDE DE VALIDACIÓN DE MATERIAS

Caso de ser necesaria a validación, deberá achegar escrito solicitude ó Director do Centro, especificando as materias que desexa validar e achegar fotocopia compulsada do/dos título/s e certificado da carga horaria y cualificacións, para os que precisa a validación. Este Centro Autorizado só pode validar materias do Bloque Común sempre que veñan totalmente documentadas.

As validacións de materias de outros Bloques de Ensinanzas deben ser realizadas polo Ministerio de Educación, mediante escrito dirixido ao Consejo Superior de Deportes. O ditame do Consejo Superior de Deportes para que poidan ser tidas en conta deberá estar en poder do Centro antes do día 1 de xaneiro de 2008.

ESTA INSCRICIÓN NON SERÁ VÁLIDA SE FALTA ALGÚN DOCUMENTO DOS REQUIRIDOS.

Asinado.
Data:



R.C. Deportivo
de La Coruña S.A.D.

Plaza de Pontevedra 19, 1º. 15003 A Coruña Teléf: 981 259 500 Fax: 981 265 919 www.canaldeportivo.com

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN CURSO DE TÉCNICO SUPERIOR EN FÚTBOL - NIVEL 3

Apellido 1		Apellido 2		Nome	
Data Nacemento		Lugar		Provincia	DNI
Enderezo					
Localidade			Provincia		CP
Teléfono 1		Teléfono 2		Telefax	
Correo-E					

Solicito a miña inscrición no Curso de Técnico Deportivo en Fútbol, Nivel 3, convocado polo centro Autorizado de Fútbol Real Club Deportivo da Coruña.

Quedo notificado das Bases do referido Curso, así como do réxime xurídico que se aplica, aceptando na súa totalidade as condicións mediante a presente inscrición.

R.C.D. da Coruña
Data e selo rexistro

Conforme
O solicitante

Asinado: _____

Posúe o Título de Bacharelato LOGSE

si non

Equivalente Académico (Especificar) _____

Enviar toda a documentación a:

El Mundo del Fútbol.
Agra de Marcés, San Tirso de Mabegondo
15318 Abegondo (A Coruña)

R.C. Deportivo de La Coruña
Plaza de Pontevedra 19 1º
15003 (A Coruña)

Ver e cumprimentar ó dorso.



SOLICITUDE DE INSCRICIÓN CURSO DE TÉCNICO SUPERIOR EN FÚTBOL - NIVEL 3

Adxunto á presente solicitude os seguintes documentos:

- Fotocopia **compulsada** do Título de Bacharelato L.O.G.S.E. e/ou certificado de equivalencia a efectos académicos.
- Certificado médico en impreso oficial do Colexio Oficial de Médicos.
- Fotocopia do D.N.I. **compulsada**.
- Catro fotografías Tamaño Carné.
- Documentación acreditativa da experiencia como adestrador de fútbol.
- Resgado de ingreso de taxas (150,-- €). Mediante ingreso na conta:
2100 1453 21 0200060405 de LA CAIXA, C/Cantón Pequeño 29-31. A Coruña.

SOLICITUDE DE VALIDACIÓN DE MATERIAS

Caso de ser necesaria a validación, deberá achegar escrito solicitude ó Director do Centro, especificando as materias que desexa validar e achegar fotocopia compulsada do/dos título/s e certificado da carga horaria y cualificacións, para os que precisa a validación. Este Centro Autorizado só pode validar materias do Bloque Común sempre que veñan totalmente documentadas.

As validacións de materias de outros Bloques de Ensinanzas deben ser realizadas polo Ministerio de Educación, mediante escrito dirixido ao Consejo Superior de Deportes. O ditame do Consejo Superior de Deportes para que poidan ser tidas en conta deberá estar en poder do Centro antes do día 1 de xaneiro de 2008.

ESTA INSCRICIÓN NON SERÁ VÁLIDA SE FALTA ALGÚN DOCUMENTO DOS REQUIRIDOS.

Axinado.

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE ADMISIÓN ÁS ENSINANZAS DEPORTIVAS DE GRAU MEDIO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED318B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	DATA DE NACIMENTO
ENDERECO		PROVINCIA		
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

EXPÓN: Que cumpre o requisito de acceso

- 1.- Título de graduado en educación secundaria ou equivalente para efectos académicos.
- 2.- Proba de madureza.
- 3.- Proba de acceso á formación profesional de grau medio.
- 4.- PAU para maiores de 25 anos.
- 5.- Proba específica.

Xunta a seguinte documentación acreditativa (fotocopia cotexada)

- DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.
- Certificación académica na cal conste o expediente académico e o depósito do título.
- Certificado de superación da proba de madureza.
- Certificado de superación das probas de acceso á formación profesional de grau medio.
- Certificado de superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez (en caso de persoas con discapacidade).
- Resolución personalizada da Consellería de Cultura e Deporte pola cal quen solicita obtén a consideración de deportista galego de alto nivel ou alto rendemento.
- Resolución personalizada do Consello Superior de Deportes pola cal quen solicita obtén a consideración de deportista nacional de alto nível ou alto rendemento.
- Volante de inscripción condicional (só para titulacións obtidas no estranxeiro).

SOLICITA: ser admitido/a para o curso escolar **2008 / 2009** como alumno/a para cursar, por orde de preferencia, os estudos seguintes (1):

CENTRO EDUCATIVO	CICLO FORMATIVO	LOCALIDADE (provincia)
CADF R.C. DEPORTIVO	TECNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL	Abegondo (A Coruña)

(1) A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as, non se cuantificará para estos efectos o alumnado repetidor

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Dá expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde e resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LIXILACIÓN APPLICABLE <p>- Orde do 24 de marzo de 2003 pola que se regulan para a Comunidade Autónoma de Galicia as probas de madureza e de carácter específico para o acceso a estas ensinanzas. - Resolución do 26 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2008-2009.</p>	(Para cubrir pola Administración) <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA		DATA DE EFECTOS		DATA DE SAÍDA
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE								
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA								
	DATA DE EFECTOS								
	DATA DE SAÍDA								
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PESSOA QUE O REPRESENTA <i>Lugar e data</i> ,									
	de _____ de 200_____								



PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE ADMISIÓN ÁS ENSINANZAS DEPORTIVAS DE GRAO SUPERIOR	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED318A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	DATA DE NACIMENTO
ENDERECO		PROVINCIA		
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

EXPÓN: Que cumpre o requisito de acceso

- 1.- Técnico deportivo da mesma modalidade ou especialidade.
- 2.- Título de bacharelato ou equivalente para efectos académicos.
- 3.- Requisitos relativos a experiencia deportiva, se for o caso.
- 4.- Proba de madureza.
- 5.- Proba da parte común de acceso á formación profesional de grao superior.
- 6.- PAU para maiores de 25 anos.

Xunta a seguinte documentación acreditativa (fotocopia cotexada)

- DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.
- Certificación académica na cal conste o expediente académico e o depósito do título alegado para o acceso.
- Certificación académica na cal conste o expediente académico e o depósito do título de técnico deportivo alegado para o acceso.
- Certificación expedida pola federación española ou autonómica correspondente, se for o caso.
- Certificado de superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Certificado de superación da proba de madureza de acceso ao grao superior.
- Certificado de superación da parte común da proba de acceso á formación profesional de grao superior.
- Certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez (en caso de persoas con discapacidade).
- Resolución personalizada da Consellería de Cultura e Deporte pola cal quen solicita obtén a consideración de deportista galego de alto nivel.
- Resolución personalizada do Consello Superior de Deportes pola cal quen solicita obtén a consideración de deportista nacional de alto nível.
- Volante de inscrición condicional (só para titulacións obtidas no estranxeiro).

SOLICITA: ser admitido/a para o curso escolar **2008 / 2009** como alumno/a para cursar, por orde de preferencia, os estudos seguintes (1):

CENTRO EDUCATIVO	CICLO FORMATIVO	LOCALIDADE (provincia)
CADF R.C. DEPORTIVO	TÉCNICO DEPORTIVO SUP. EN FÚTBOL	ABEGONDO (A CORUÑA)

(1) A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as; non se cuantificará para estes efectos o alumnado repetidor

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Dá expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde e resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Orde do 24 de marzo de 2003 pola que se regulan para a Comunidade Autónoma de Galicia as probas de madureza e de carácter específico para o acceso a estas ensinanzas.*
- *Resolución do 26 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2008-2009.*

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PESSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /